

# Concello de Culleredo



Identificación do rexistro e procedemento

UNIDADE DE XESTIÓN DE REXISTRO E PADRON

Instancia xenérica

Código do asento

URPE1004RZ

Data e hora de rexistro

21/09/2016 18:52:37

Saió

CONCELLO DE CULLEREDO

Data.....: 21/09/2016 18:52:37

Rexistro : 2016 / 7948

Rexistro Xeral de Entrada

## XUSTIFICANTE DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO TELEMÁTICO

DATA, HORA E NUMERO DE REXISTRO(negociado/xeral)

21/09/2016 18:52:37 nº6191/7948

EXTRACTO (Contido do escrito)

**Proposta para o pleno, para demandar a reparación da biblioteca da Universidade Laboral con cargo ao 1'5% cultural das obras públicas.**

INTERESADOS

[PRINCIPAL]

**32794431L CHOUCIÑO GARRIDO, ENRIQUE ANTONIO**

DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

**Proposta para o pleno para reparar a biblioteca UL - Moción reparación biblioteca da universidade laboral.pdf4295417303684020607.pdf**

Solicitud

Este xustificante deberá ser presentado para obter calquera información sobre o escrito ao que faz referencia

Código de verificación do documento. Pódese verificar o contido deste documento na seguinte dirección:

[Pique aquí para validar o documento na sede electrónica](#)



Páxina

1 / 1



**ENRIQUE ANTÓN CHOUCIÑO GARRIDO**, na súa cualidade de concelleiro do **BNG-Asembleas Abertas de Culleredo**, e de acordo coa lexislación vixente, presenta a seguinte proposta:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Universidade Laboral é un centro de referencia en toda a comarca, pola súa traxectoria, polos súa oferta educativa e polos seus recursos.

Entre estes recursos está unha biblioteca de gran superficie que está nestes momentos pechada por un problema de desprendementos no seu teito. A configuración estructural da sala, carece de columnas e o seu teito está soportado por unha celosía metálica que está insertada entre o material restante da composición, cemento e bovedillas.

Esta celosía, está incluída dentro da protección patrimonial que ten todo o centro. Esta protección patrimonial é debida a súa particular configuración arquitectónica que tivo premios na súa categoría.

Debido ao anterior, a reparación desta estrutura debe contemplar deixala igual a como era, por tanto ou ben se repara o que hai ou ben se substitúe por unha nova exactamente igual.

Por outra banda, a recente reapertura da biblioteca central de Culleredo, no edificio de servizos múltiples, causou decepción entre a veciñanza debido ás expectativas que tiña xerado a reforma do edificio e que resultou non abordar os andares superiores ao baixo, con excepción da eliminación da escala interior. Trátase da única instalación xunto coa biblioteca de Vila Melania en Vilaboa, de escaso tamaño e configuración mellorable ao carecer de illamento respecto das demais salas de outros usos do edificio.

Somos moitos os que coincidimos en que un municipio de preto de 30.000 habitantes, precisa uns recursos bibliotecarios de maior categoría dos que dispoñemos actualmente.

A dirección da Universidade Laboral tennos expresado a disposición a colaborar co Concello para compartir o uso da biblioteca si esta fora reparada.

O art. 68 da lei 16/1985 do Patrimonio Histórico Español, establece no seu punto 1 unha obriga para que nos orzamentos das obras públicas financiadas total ou parcialmente polo estado, se inclúa unha porcentaxe do 1% con destino a financiar traballos de conservación ou enriquecemento do Patrimonio Histórico, **con preferencia na propia obra ou no seu inmediato entorno**. Esa porcentaxe, sube no desenvolvemento posterior ao 1'5 %

En Culleredo sucedéronse nos últimos anos e están proxectadas para os próximos, várias

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CULLEREDO**

obras públicas estatais con un orzamento, cuxo 1,5% aparentemente compensaría a reparación da Biblioteca da Universidade Laboral.

O obxecto destas axudas é intervir, mediante o cofinanciamento co titular dos bens, na recuperación ou enriquecemento dos bens inmóbiles de uso público.

Entre os posibles solicitantes destas axudas, están os concellos e as comunidades autónomas.

A implicación que teñen estas axudas, é que deberán destinarse a un uso preferentemente de carácter socio-cultural, turístico ou de servizo público.

A priori, parece que a restauración do teito da Biblioteca da UL, encaixa perfectamente nos criterios establecidos para acollerse a este financiamento.

Por tanto, propoñemos:

#### MOCIÓN PARA

1. Que se estableza unha comisión entre o Goberno Municipal e a Dirección da Universidade Laboral para avanzar en todos os aspectos necesarios para conseguir a reparación e posta en servizo da Biblioteca.
2. Que se poña en marcha a elaboración dun convenio coa UL e a Consellería de Educación, para compartir o uso da Biblioteca para toda a veciñanza do Concello de Culleredo, unha vez esta reparada esta.
3. Que se demande da Consellería de Educación, a implicación na elaboración, posta en marcha e cofinanciamento do proxecto. Así como a demanda ao Ministerio de Fomento, de financiamento para esta obra no marco do 1,5% Cultural citado.
4. Que se dea traslado deste escrito aos organismos citados; Universidade Laboral, Consellería de Educación e Ministerio de Fomento.

En Culleredo, 19 de Setembro de 2016 .

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CULLEREDO**